

**CCOO**

INFORMA

PREACORDO DE RESIDENCIAS: CCOO DI NON

AS NOSAS RAZÓNS PARA O “NON”: COHERENCIA E DEFENSA DOS TEUS DEREITOS

Aínda que o texto recolle a obrigada subida ao SMI, a redacción final pactada por outras forzas sindicais **destrúe a estrutura do convenio** e **deixa fóra melloras sociais** que xa son unha necesidade evidente.

Desde **CCOO** non asinamos polos seguintes motivos fundamentais:

- **Destrución da escala salarial («Tarifa plana»)**: o acordo elimina a diferenza retributiva real entre as distintas categorías profesionais, igualando por abaixo tres grupos enteiros. É unha profunda inxustiza que postos con diferentes niveis de titulación, esixencia e responsabilidade pasen a percibir o mesmo salario base (por exemplo, unha auxiliar administrativa e unha oficial administrativa cobrarán exactamente o mesmo).
- **Esquecemento dos dereitos sociais esenciais (Xornada e IT)**: non podemos avalar un texto que pasa por alto as demandas máis urxentes dos cadros de persoal. Este acordo pospón e deixa completamente fóra a redución da xornada anual e a mellora da cobertura da Incapacidade Temporal (IT) por continxencias comúns (baixas por enfermidade común). Para **CCOO**, avanzar en conciliación e saúde laboral, é inaprazable.

CCOO estará presente con toda a forza:

Aínda que non asinemos este preacordo, por dignidade e responsabilidade, **CCOO participará na mesa negociadora do próximo convenio** desde o primeiro día. Será aí onde esixiremos de fronte unha redución real da xornada, unha cobertura xusta da IT, os pluses e a recuperación dunha estrutura salarial digna.

**¡ CCOO NON ASINA RETROCESOS NIN CONFORMISMOS !
¡ POR UN CONVENIO XUSTO, CON ESCALA SALARIAL E MÁIS
DEREITOS !**

9 de xullo do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO >>>